



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 4º TRIMESTRE 2023.

EXPEDIENTE: 2024/X999/000034


Visto o informe emitido pola Tesourería Municipal asinado dixitalmente en data 06/03/2024 que se achega ao expediente.

O servizo de augas e sumidoiro está delegado na empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA) por convenio asinado o 3 de marzo de 2005.

O 28.02.2024 (registro nº 202499900000231) EMALCSA presentou no Concello un escrito co desglose dos importes detallados por conceptos -abastecemento, alcantarillado, depuración, canon de auga e alugueiro de contadores- correspondentes ao 4º trimestre deste ano 2023, xunto coa listaxe de contribuíntes, indicando o seguinte

“(…) El Padrón se compone de los clientes pertenecientes al servicio a fecha 31 de diciembre de 2023 incluyendo las altas efectuadas en los meses de octubre, noviembre y diciembre de 2023. Las lecturas de contador corresponden al mes de enero de 2024. Se incluyen un total de 2.988 contratos de clientes y un consumo a facturar de 100.039 m3. Esto, aplicando las Ordenanzas vigentes, supone los importes reflejados en el desglose adjunto: 8..)

(…) El Padrón completo se remite por correo electrónico a la Intervención Municipal en el día de hoy, 28 de febrero de 2024, quedando a la espera de la aprobación por parte del Concello de Carral del presente documento, así como de la indicación de las fechas de finalización del periodo de pago en plazo voluntario, para la emisión de facturación y correspondiente remesa bancaria (...)”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Tendo en conta a necesidade de aprobar as liquidacións que conforman o padrón Auga- Sumidoiros- Depuración do trimestre 4º/ 2023 (outubro, novembro e decembro) e que as tarifas polos servizos relacionados coa auga, aplicadas nos listados cobratorios confeccionados e remitidos por EMALCSA según indican no seu escrito do 28.02.2024, están establecidas e reguladas nas vixentes ordenanzas fiscais nº 13 reguladora da taxa por subministración de auga e nº 12 reguladora da taxa por sumidoiros e depuración de augas residuais Concello de Carral (última modificación publicada no BOP nº 43 do 02/03/2012).

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime Local polo presente **RESOLVO**

Primeiro.-Aprobar o Padrón de Auga- Sumidoiros do Concello de Carral correspondente ao cuarto trimestre do 2023 (outubro, novembro e decembro 2023), co seguinte resumo:

CONCEPTO		NºCLIE NTES	CONSUMO, m3		IMPORTE, euros	
			medido	facturado	base	ive
ABASTECIMIEN TO	NO DOMESTICO	301	16.490	24.001	20.630,73	2.062,58
	DOMESTICO	2.667	56.733	57.647	48.304,93	4.827,95
	OBRAS	17	566	556	548,29	54,80
	CONCELLOS	3	18.349	17.825	5.039,13	503,92
TOTALES		2.988	92.138	100.039	74.523,08	7.449,25
SUMIDOIROS	NO DOMESTICO	185	12.549	19.970	2.396,40	239,64
	DOMESTICO	1.922	41.367	41.887	4.923,43	491,37



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	OBRAS	7	370	370	44,40	4,44
	HOSTELERIA	24	1.543	1.547	185,64	18,55
	TOTALES	2.138	55.829	63.774	7.549,87	754,00
DEPURACION	NO					
	DOMESTICO	220	12.549	19.970	11.751,83	1.175,40
	DOMESTICO	1.949	41.312	41.832	15.286,07	1.533,40
	OBRAS	9	370	370	244,14	24,40
	HOSTELERIA	25	1.543	1.547	961,66	96,25
	TOTALES	2.203	55.774	63.719	28.243,70	2.829,80
	CANON DO AUGA	2.984	77.763	82.188	26.719,96	--
	ALQUILER CONTADOR	2.234	--	--	3.850,62	816,30

Segundo.- Expoñer ao público o devandito padrón, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín, nas dependencias municipais, nas oficinas de EMALCSA en Carral (Costa do Pincho, 40-42) e na Coruña (Rúa Manuel Murguía s/n- Casa da Auga).

Esta exposición, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. As persoas interesadas poderán examinar as liquidacións e presentar reclamacións durante un período de quince días naturais, contados a partir da data de inicio do cobramento da referida taxa, nas dependencias sinaladas e no teléfono de Atención ao Cliente (981242322).

Terceiro. Aproba-las liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A Taberna XXI S.L. ata Zarbo Varela, Rosario Valeria, polo importe global de 152.736,08 € (126.016,12 € de liquidacións -abastecemento, sumidoiros, depuración e alugueiro contadores- e 26.719,96 € de canon de Augas de Galicia).




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Cuarto.-Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

Quinto.- Que se poñan ó cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no Boletín do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obran nesta Administración e que foron entregados a EMALCSA, S.A.. Por razóns de eficacia administrativa e co fin de evitarlles desprazamentos e esperas innecesarias ás persoas contribuíntes, este sistema será considerado coma preferente. Os recibos domiciliados serán remitidos ás correspondentes contas bancarias a partires do día 1 de decembro de 2023.

Nas dependencias de EMALCSA en Carral ou na Coruña ou no número de conta que EMALCSA habilitou ao efecto: ABANCA IBAN ES63 2080 0002 6130 4000 1747 .

Para os efectos de lograr unha maior eficacia na prestación destes servizos prérgase a todas as persoas usuarias que, en caso de detectaren algunha anomalía ou erro nos seus datos identificativos de titularidade, enderezo ou conta corrente, se poñan en contacto con EMALCSA á fin de que se poida proceder á rectificación dela.

Sexto .- Comunicarlle este decreto a EMALCSA.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ